



## TÍTULO DA ACTIVIDADE

### MULLERES CON ARTE E PARTE

#### Obxectivos da actividade:

- \* Visibilizar o papel da mulleres na arte.
- \* Reflexionar sobre a invisibilidade das mulleres nos museos
- \* Valorar o papel da muller como transmisora de cultura
- \* Fomentar unha visión feminina da arte.
- \* Vincular arte e emocións
- \* Ampliar vocabulario emocional

#### ETAPA I: ACTIVIDADE PARA REALIZAR ANTES DA SESIÓN.

##### Obxectivo

Investigar sobre as obras de arte realizadas polas mulleres da súa contorna familiar: pintura, escultura, arquitectura, declamación, danza, instalacións, fotografía, cine, artesanía,...

##### Proceso

Para realizar esta pescuda preguntarán nas súas casas sobre as obras artísticas que realizan as mulleres da súa contorna : nais, avoas, tías, veciñas,...e elixir a unha muller e unha obra.

Unha vez elixida a obra que queren mostrar e sacar a luz traerán unha fotografía, ou ben a mandarán ao correo da mestra titora para poder vela na clase e falar dela. Enviaremos unha folla de rexistro para encher coas familias sobre a obra artística que van mostrar na aula.( ANEXO)

Cando vaíamos tendo as fotografías, falaremos de cada unha destas tendo en conta a folla de rexistro. Unha vez vistas e comentadas estas obras, falaremos do papel da muller no arte. Aquí deixamos referencias para traballar este tema:

*A Historia da arte protagonizárona infinidade de mulleres. Foron as modelos e musas. As protagonistas dalgúns dos cadros máis importantes de todas as épocas. Aí están as señoritas de Avignon, a Mona Lisa, as Venus, as bailarinas de Degas ou as prostitutas de Toulouse-Lautrec. Son só algúns exemplos evidentes porque mentres as mulleres déixanse ver nas paredes dos museos, moi poucas son as que asinan os lenzos que colgan delas.*



Conta Manuel Jesús Roldán en *'Iso non estaba no meu libro de Historia da arte'* (Almuzara) que a concepción decimonónica da maioría dos manuais do tema excluironas aínda que houbera mulleres retratistas de Corte, escultoras de cámara ou pintoras relixiosas. “Foron silenciadas e o seu rescate do esquecemento, afortunadamente recuperado nos últimos anos, merece todos os empeños”, escribe nesta obra que recompila ‘anécdotas’ artísticas como aquelas obras cumes da arte que no seu momento foron rexeitadas e censuradas, os primeiros selfis feitos ao óleo, as facetas máis escabrosas dalgúns creadores e, sobre todo, recupera o nome e a historia de varias das artistas máis importantes pero aínda así esquecidas.

Mulleres que non aparecen nos libros de arte nin soan no imaxinario colectivo por culpa, apunta, do concepto de Historia da arte procedente do século XIX, “centuria na que se vetou especialmente a independencia creadora da muller pola moral burguesa reinante, relegou ao xénero feminino a unha condición hogareña case exclusiva, marcando un canon case exclusivamente masculino nas primeiras publicacións dedicadas á Arte”. Unha discriminación que, ademais, estandarizouse cando se crearon os grandes museos europeos. Tampouco axudou a visión de moitos grandes homes da arte que se despacharon con opinións similares á de Renoir: “a muller artista é sinxelamente ridícula”.

Como resumo, falaremos sobre o papel que tiveron as mulleres a través dos séculos. En principio non se lles facilitaba expresarse artisticamente porque para iso necesitábase preparación e as mulleres non tiñan acceso ao ensino.

Se algunha muller, grazas ao seu status social, estaba educada en calquera das artes, non se lles permitía que a súa obra fose exposta nun museo, xa que as obras das mulleres considerábanse menores. Houbo grandes artistas que viviron á sombra dos seus irmáns ou maridos, que, mentres eles triunfaban, elas non merecían nin sequera unha recensión.

No século XIX algunhas raíñas pintaban e facían retratos, outras mulleres tamén pintaban pero só dedicábanse a replicar cadros xa feitos ou en xeral a pintar bodegóns e flores.

Tamén o papel da muller, dentro da arte, é moi discutible. A súa figura utilizábase para moralizar e para retratala como nai, ou muller floreiro, prostituta,...

Estes días contamos cunha boa mostra do papel das mulleres na arte no **Museo del Prado: Invitadas. Fragmentos sobre mujeres, ideología y artes plásticas en España (1833-1931)**

<https://www.museodelprado.es/actualidad/exposicion/invitadas-fragmentos-sobre-mujeres-ideologia-y/197d4831-41f1-414d-dbd5-5ffd7be4cc3f>



## ETAPA II: SESIÓN VISITA VIRTUAL

### VESME ASÍ?

#### Obxectivo

- \* Visibilizar o papel da muller na pintura a través dos cadros propostos tendo en conta o papel das mulleres nos diferentes séculos.
- \* Traballar nas exposicións a través do arte, a identificación e a expresión emocional, o autocontrol a empatía e as habilidades sociais. Os mediadores/as fomentarán en todo momento o autodescubrimento o asombro e a imaxinación.

#### Proceso

Comentar o PDF que ten por título Vesme así? Inclúe:

- \* Cadros da exposición Invitadas
- \* Cadros pintados por mulleres
- \* Cadros que representan mulleres e homes da mesma época.
- \* Diapositiva 8: preguntas sobre cada diapositiva
- \* Diapositiva 9: Preguntas visual thinking para activar un diálogo coa obra artística
- \* Diapositiva 10: Vocabulario emocional para incrementar



### ETAPA III: ELABORACIÓN DUNHA OBRA FINAL

#### A LUZ DO INVISIBLE

##### Obxectivo

- \* Elaborar unha obra coral
- \* Disfrutar dunha obra artística baseada no traballo grupal de todos e todas
- \* Valorar as obras artísticas das mulleres
- \* Crear formando parte da obra
- \* Valorar calquera espazo como museo

##### Proceso

Entregaremos un **cadrado de foscurit** por aula e nel plasmaremos as nosas obras artísticas vencelladas as que previamente traímos da casa. Podemos facer a silueta de mesma en cartón e despois trazala no foscurit e recortala.

Cando teñamos as 9, as recolleremos e o equipo de extraescolares, as uniremos formando unha especie de cadro - perforado que sirva para mostrar nun museo, xogar coa luz e visibilizar aquilo que está na escuridade: as obras de arte das mulleres.

Estamos pendentes de que no Museo de Bergantiños nos autoricen ou non esta mostra. No caso de que non sexa así, o cadro se pasará polas escolas para que todas e todos podan experimentar coa luz e o cadro.

Tamén podemos facer unha montaxe de todas as fotografías achegadas para poder entregar ao museo, ás familias, colgar na web,...

Outra idea podería ser ser fotografías do proceso.

Esperamos que vos guste.



.Patchwork. Pedazos de luz, 2019